

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 14 DE DECEMBRO DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: _____
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Catorce de Decembro do Dous mil vinte e tres, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 07/12/2023

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/151

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/12/2023. DECRETO: "Aprobación del Plan de seguridad y salud de las obras del proyecto "REMODELACIÓN DEL FRENTE MARÍTIMO DE AGUIÑO""



3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Victoriano Redondo Toucedo

Visto o expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA TABERNA** no lugar de **Rúa do Norte, nº 27, baixo, Ribeira (anteriormente Rúa Parte del Río)** e do que é promotor **D. VICTORIANO REDONDO TOUCEDO (anterior titular: D Baldomero Fernández Armental)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da corporación, de data 12/12/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade de Taberna** (actividade autorizada no seu día polo Goberno Civil da Coruña en outubro de 1960) en favor de **D.VICTORIANO REDONDO TOUCEDO (anterior titular: D Baldomero Fernández Armental)**, en instalacións sitas na Rúa do Norte nº 27, Baixo, Ribeira (anteriormente Rúa Parte del Río).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.



4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

12322	19.05.2023	DIEGO GONZÁLEZ SERRAMITO, instalación de pérgola de aluminio pegada a vivenda, na Capela, 45, Carreira.
26948	21.11.2023	ARSHAD MEHMOOD MEHMOOD, mantemento de teito: rascado e pintado, na Avda. do Malecón, nº 9, Ribeira.
18440	07.08.2023	MARIA ENCARNACIÓN PAZ OLVEIRA, cierre de parcela, no lugar de Carballal, Palmeira.
27517	28.11.2023	ROBERTO SIEIRA PARADA, cambio de tella na zona de buhardilla, na rúa Muralla, 16, Aguiño.
1779	23.01.2023	PESCA RIO NOVAL S.L., acondicionamento de parcela, na Carretera Ribeira-Noia, 82, Ribeira.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

12322	19.05.2023	DIEGO GONZÁLEZ SERRAMITO, instalación de pérgola de aluminio pegada a vivenda, na Capela, 45, Carreira.
26948	21.11.2023	ARSHAD MEHMOOD MEHMOOD, mantemento de teito: rascado e pintado, na Avda. do Malecón, nº 9, Ribeira.
18440	07.08.2023	MARIA ENCARNACIÓN PAZ OLVEIRA, cierre de parcela, no lugar de Carballal, Palmeira.
27517	28.11.2023	ROBERTO SIEIRA PARADA, cambio de tella na zona de buhardilla, na rúa Muralla, 16, Aguiño.
1779	23.01.2023	PESCA RIO NOVAL S.L., acondicionamento de parcela, na Carretera Ribeira-Noia, 82, Ribeira.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

12322	19.05.2023	DIEGO GONZÁLEZ SERRAMITO, instalación de pérgola de aluminio pegada a vivenda, na Capela, 45, Carreira.
26948	21.11.2023	ARSHAD MEHMOOD MEHMOOD, mantemento de teito: rascado e pintado, na Avda. do Malecón, nº 9, Ribeira.
18440	07.08.2023	MARIA ENCARNACIÓN PAZ OLVEIRA, cierre de parcela, no lugar de



- Carballal, Palmeira.
- 27517 28.11.2023 ROBERTO SIEIRA PARADA, cambio de tella na zona de buhardilla, na rúa Muralla, 16, Aguiño.
- 1779 23.01.2023 PESCA RIO NOVAL S.L., acondicionamento de parcela, na Carretera Ribeira-Noia, 82, Ribeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

- 12322 19.05.2023 DIEGO GONZÁLEZ SERRAMITO, instalación de pérgola de aluminio pegada a vivenda, na Capela, 45, Carreira.
- 26948 21.11.2023 ARSHAD MEHMOOD MEHMOOD, mantemento de teito: rascado e pintado, na Avda. do Malecón, nº 9, Ribeira.
- 18440 07.08.2023 MARIA ENCARNACIÓN PAZ OLVEIRA, cierre de parcela, no lugar de Carballal, Palmeira.
- 27517 28.11.2023 ROBERTO SIEIRA PARADA, cambio de tella na zona de buhardilla, na rúa Muralla, 16, Aguiño.
- 1779 23.01.2023 PESCA RIO NOVAL S.L., acondicionamento de parcela, na Carretera Ribeira-Noia, 82, Ribeira.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

- 12322 19.05.2023 DIEGO GONZÁLEZ SERRAMITO, instalación de pérgola de aluminio pegada a vivenda, na Capela, 45, Carreira.
- 26948 21.11.2023 ARSHAD MEHMOOD MEHMOOD, mantemento de teito: rascado e pintado, na Avda. do Malecón, nº 9, Ribeira.
- 18440 07.08.2023 MARIA ENCARNACIÓN PAZ OLVEIRA, cierre de parcela, no lugar de Carballal, Palmeira.
- 27517 28.11.2023 ROBERTO SIEIRA PARADA, cambio de tella na zona de buhardilla, na rúa Muralla, 16, Aguiño.
- 1779 23.01.2023 PESCA RIO NOVAL S.L., acondicionamento de parcela, na Carretera Ribeira-Noia, 82, Ribeira.



9.- LICENZA MUNICIPAL para OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: AVDA. DA CORUÑA, Nº 136, RIBEIRA. PROMOTORA: MARÍA JOSÉ SUÁREZ FERNÁNDEZ

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **AVDA. DA CORUÑA, Nº 136, RIBEIRA**, da que é promotora **Dña. María José Suárez Fernández**

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **23 de novembro de 2023**.

VISTO o **informe emitido** pola **enxeñeira municipal** o día **1 de decembro de 2023** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas beirarrúas ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **364,69 €**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **1 de decembro de 2023**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto de data 27 de outubro de 2023 e

VISTO o informe desta Secretaría Xeral emitido data **1 de decembro de 2023**, ós efectos previstos no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dña. Mª José Suárez Fernández** **LICENZA DE OBRAS (Nº 50/23)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Avda da Coruña nº 136, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 1230816NH0112N0001X0053, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data o día 15 de xuño de 2023 así como do Anexo ao Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data o día 21 de novembro de 2023 redactado por Dña. Mar Veiga Fachal, (arquitecta col. nº 5.006):

- Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 364,69 € para responder polos servizos urbanísticos a completar
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes



dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

10.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Leticia Fraga Domínguez

Visto o escrito presentado por **María Leticia Fraga Domínguez**, de data 04/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.074), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 05/12/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202300028074 do día 4 de decembro de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME



Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ, no seu plano

4.13. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 6.3.A, Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial



Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peches de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.



2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECCIÓN S ECTORIAIS

A parcela presenta as seguintes afeccións sectoriais:

- Encóntrase dentro da zona de policía de canles, polo que será preciso solicitar autorización a Augas de Galicia

6. CONCLUSIÓN S

Por todo o exposto a parcela é edificable, cumprindo cas condicións esixibles pola normativa urbanística vixente.

E se encontra en solo urbano consolidado, contando cas dotacións e servizos requiridos pola Lexislación urbanística.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Álvaro Fernández Oujo

Visto o escrito presentado por **Álvaro Fernández Oujo**, de data 05/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.206), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0425721NH0102S0001BH e sita na Avda de Ferrol nº 48, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/12/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, xa que se trata da estrada de Deputación Provincial, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0425721NH0102S0001BH e sita na Avda de Ferrol nº 48, Ribeira.



12.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN RESTAURANTE MC DONALD'S. LICENZA DE OBRA Nº 29/22 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 06/10/2022). LUGAR: LUGAR DE XARÁS, POLÍGONO 3, PARCELA 1042, RIBEIRA. PROMOTORES: RESTAURANTES MC DONALD'S, S.A.U.

VISTA a solicitude de licenza de primeira ocupación para **RESTAURANTE MC DONALD'S, LUGAR DE XARÁS, POLÍGONO 3, PARCELA 1042, RIBEIRA** construído ao amparo da licenza de obra nº 29/22 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 6 de outubro de 2022), da que son promotores: **RESTAURANTES MC DONALD'S, S.A.U.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **arquitecto técnico municipal** tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o **día 31 de outubro de 2023**, o informe emitido con data **1 de decembro de 2023**, polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo**, o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira con data 13 de decembro de 2023 tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación así como en relación á devolución do aval, e o informe de data **1 de decembro de 2023** emitido polo **secretario xeral da Corporación** no que noutros extremos ponse de manifesto que no Diario Oficial de Galicia de 30 de decembro de 2022, publicouse a Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas pola que modifícase a Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, **co obxectivo de substituír a licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **RESTAURANTES Mc DONALD'S, S.A.U., LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN da EDIFICACIÓN ILLADA DE FORMA RECTANGULAR DE RESTAURANTE DE COMIDA RÁPIDA MC DONALD'S, CON ZONA DE TERRAZA, E UN XOGO INFANTIL EXTERIOR**, sita no lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00301042, nos termos do Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 26 de decembro de 2022 asinado polo Sr. Jorge Gonzalo Alemán Madroñal (arquitecto técnico col. nº 104.863) e Sr. Luis Quintana Quijada (arquitecto col. nº 10.879), PLANO U04.1. - Urbanización. Distribución, superficies e acabados", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 26 de decembro de 2022, Xustificante de presentación de Declaración catastral (Modelo 900D), Certificado de Inspección de Baixa Tensión (OCA), Xustificante de presentación na Xunta de Galicia do Certificado da Instalación Eléctrica, Inscripción na Xunta do Certificado de Edificios de Nova Construción no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios, Etiqueta de Eficiencia Enerxética do Edificio, Certificado da Instalación de Portas Automáticas, Declaración de conformidade CE do operador de portas automáticas, Documentación dun ensaio sobre dúas portas metálicas batentes dunha folla, Documentación dun ensaio sobre unha porta pibotante dunha folla, Informe de calificación de resistencia ao lume, de porta pibotante de dobre folla, Informe de calificación de resistencia ao lume, de dúas portas metálicas dunha folla, Certificado de tratamento ignífugo á estrutura metálica do edificio, Recibo de presentación do rexistro da Xunta de Galicia, no servizo de Industria da Coruña, da empresa SISTEMAS DE CONDUCCIONES TECNOVA SL., Certificado acústico, Contrato da empresa PROSEGUR, de arrendamento de servizos de seguridade e PCI a NONATRA



RESTAURACIÓN SLU, que inclúe o mantemento de Sistemas de Protección Contra Incendios, e mantemento preventivo, Fotografías dos extintores colocados nas instalación, Informe de Inspección Técnica de Áreas Infantís, co resultado de CONFORME, Fotografías da obras rematada, Informe de conexión á rede de abastecemento e saneamento municipais así como Acta de recepción de obra.

SEGUNDO.- Con posterioridade á concesión da licenza de primeira utilización, e deberase presentar unha **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Proceder á **DEVOLUCIÓN DA FIANZA** con importe de 1.773,96 € depositada en relación á licenza de obra nº 29/22 en base ao disposto pola enxeñeira municipal.

13.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VISTA a proposta presentada pola Concalleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 08/12/2023, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela.



VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste no mantemento dunha sede do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 12/12/2023.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela; cunha consignación por importe de 18.000,00 € en concepto de subvención (Aplicación orzamentaria 323.45100).

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

14.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ESCUDERÍA RIBEIRA-RÍA DE AROUSA

VISTA a providencia de incio presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 27/11/2023, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Escudería Ribeira-Ría de Arousa.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste na organización do III Rallye Ribeira-Ría de Arousa 23.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 12/12/2023.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Escudería Ribeira-Ría de Arousa; cunha consignación por importe de 25.000,00 € en concepto de subvención (Aplicación orzamentaria 341-48006).

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

15.- ACHEGA CONCEDIDA CLUB DEPORTIVO NATURAL SPORT VIDELGI (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 12/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Deportivo Natural Sport Videlgi para impulsar a práctica da actividade física e o deporte dentro do ámbito do concello, en especial o taekwondo.



Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Deportivo Natural Sport Videlgi para impulsar a práctica da actividade física e o deporte dentro do ámbito do concello, en especial o taekwondo, por importe de 1.500,00 €.

16.- ACHEGA CONCEDIDA AO CIDADE DE RIBEIRA C.F. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 11/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Cidade de Ribeira C.F. para a promoción da práctica deportiva dentro do ámbito municipal e a dinamización turística.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Cidade de Ribeira C.F. para a promoción da práctica deportiva dentro do ámbito municipal e a dinamización turística s, por importe de 6.000,00 €.

17.- ACHEGA CONCEDIDA AO CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 07/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deporte náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club



Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deporte náuticos, por importe de 3.500,00 €.

18.- ACHEGA CONCEDIDA Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 04/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXIV Festa do Percebe de Aguiño 2023.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXIV Festa do Percebe de Aguiño 2023, por importe de 15.000,00 €.

19.- ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA LIÑA DE ACTIVIDADES CULTURAIS. EJERCICIO 2023

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 11/12/2023, na que se propón os beneficiarios das subvencións destinadas á Liña de Actividades Culturais. Exercicio 2023.

VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/12/2023.

Vista a documentación que obra no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

I- Aprobación da Proposta de concesión de achegas aos beneficiarios na convocatoria de subvencións antedita.

BENEFICIARIOS Programa	Presuposto Obxecto de subvención	Puntos obtidos	Coefficiente Financiamiento	Achega concedida Máx. 50% Presuposto gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar =Importe Subvención /Coef.financiamiento
ASOCIACIÓN CULTURAL R.V. FRANCISCO LORENZO MARIÑO XVIII Semana cultural, Maio Cultural, VI Festival Son's e XIV Mostra Teatro.	4.500,00€	85,00	40,00%	1.474,75€	3.686,88€



GRUPO DE MUSICA E BAILE TAHUME Profesorado baile, canto, pandereta, gaita e percusión no ano 2023.	6.868,90€	75,00	29,12%	1.301,25€	4.468,58€
SOCIEDAD CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL Aniversario da entidade. Teatro, entroido, nadal, actuacións musicais, <i>Halloween e Barbie</i> .	3.662,31€	72,50	50,00%	1.257,88€	2.515,76€
ASOCIACIÓN MUSICAL SONS DO MAR Fomento da música tradicional.	6.345,33€	70,00	31,52%	1.214,50€	3.853,11€
ASOCIACIÓN CULT.AIRES DE DORNA Fomento danza tradicional, traxes tradicionais e cultura galega en Xeral. Talleres de cociña, arte floral costura, baile e música tradicional. Baile homenaxe aos maiores.	2.365,41€	70,00	46,50%	1.100,00€	2.365,41€
CENTRO RECREATIVO DE ARTES Celebración de tradicións e costumes culturais (entroido, magosto e nadal).	2.470,00€	65,00	50,00%	1.127,75€	2.255,50€
SOCIEDAD INSTRUCCIÓN HIJOS DE PALMEIRA Talleres culturais (pintura, arte floral, cestería e Danza).	1.200,00€	65,00	50,00%	600,00€	1.200,00€
ASOCIACIÓN VV. C. P.SS.Á MOCIDADE DE CARREIRA Eventos culturais e divulgativos. Viaxe cultural A Arnoia, actuación Muiñada de Amendo, Magosto. Excluída adecuación da Casa da Cultura Carreira	2.753,30€	65,00	48,45%	1.127,75€	2.327,66€
ASOCIACIÓN SMO.SACRAMENTO PARROQUIA SAN PEDRO DE PALMEIRA Alfombras florais, Palmeira 2 de xullo.	5.389,48€	62,50	37,11%	1.084,38€	2.922,07€
ASOC. CULT. ALBERTO ROMERO Fomento cultura e a creatividade no ámbito audiovisual. Actividades formativas, certame de curtas e 7ª edición e promoción seguinte.	4.800,00€	57,50	41,67%	997,63€	2.394,12€
ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE Programa Ocio Inclusivo "Máis Ocio".	4.000,00€	55,00	50,00%	954,25€	1.908,50€
ASOCIACIÓN CULT.E MARIÑEIRA DESEMBARCO EN AREOSO Proxecto de coñecemento sobre o patrimonio marítimo galego Mar de Arousa".	4.000,00€	52,50	50,00%	910,88€	1.821,76€
ASOCIACIÓN RIBEIRA CREA Festival de música de diversas con agrupacións orixe galega "Etal Equal Festival", Ribeira 2 e 3 setembro 2023.	3.862,13€	52,50	50,00%	910,88€	1.821,76€
LICEO MARÍTIMO DE RIBEIRA Programa dinamización cultural-social. Torneo xogos mesa, exposición maquetas e modelismo naval, elaboración materiais complementarios	1.000,00€	52,50	50,00%	500,00€	1.000,00€



relacionados coas actividades recreativas da entidade.					
ASOCIACIÓN CULTURAL OS LIANTES Gravación de un LP e tres vídeos musicais de xénero folk de <i>Os Liantes</i> .	2.458,72€	47,50	50,00%	824,13€	1.648,26€
ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO Actividades lúdicas-divulgativas paa crianzas potenciando o arraigo á cultura e tradicións locais; actuación dos <i>Monifates</i> .	2.092,95€	47,50	47,78%	824,13€	1.724,84€
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA Celebración recital folk de nadal 23 decembro 2023.	1.000,00€	42,50	50,00%	500,00€	1.000,00€
TOTAIS				16.710,16€	

II- **Inadmitir** a solicitude presentada pola asociación **Real e Ilustre Cofradía da Dorna** por non ter cumprido co apartado Sexto das bases que regulan a presente convocatoria.

III- Notificar a resolución a todos os solicitantes.

20.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- V.S.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/12/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **V.S.**, mediante escrito de data 17/11/2023 (Rexistro de entrada nº 26.672).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Costenla, de data 07/12/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a V.S. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **740,00 €**, en concepto de tarxeta solidaria (200,00 €) e gastos de tres meses de aluguer (180,00 € x 3 meses= 540,00 €).

21.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.E.R.O.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 11/12/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.E.R.O.**, mediante escrito de data 11/12/2023.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 11/12/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a M.E.R.O. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **470,00 €/mes**, en concepto de Renda Social Municipal, así como o que supoña de gasto da medicación activa mensual (6 meses).



22.- APROBACIÓN REGULATEMENTO RÉXIME INTERNO E CALENDARIO LABORAL 2023-2024 - OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TAHUME IX

Vista a resolución pola que o Concello de Ribeira resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiro duals de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 85 do 04/05/2023), para levar a cabo o Obradoiro dual de Emprego Tahume IX.

Visto o “*Regulamento de Réxime Interno*” redactado polo equipo directivo e docente do Obradoiro dual de Emprego Tahume IX.

Visto o “*Calendario laboral 2023-2024 do persoal do Obradoiro dual de Emprego Tahume IX*”.

Vista a **proposta de resolución** presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, relativa á aprobación do Regulamento de Réxime Interno e Calendario Laboral 2023-2024 do Obradoiro Dual de Emprego Tahume IX.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno, “TAHUME IX”, que se recolle como anexo na citada proposta de resolución.

Segundo.- Aprobar o calendario laboral 2023-2024 do persoal do Obradoiro dual de Emprego Tahume IX que se recolle como anexo na citada proposta de resolución.

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)

VISTOS os escritos presentados por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Clandestino”, de datas 11 e 13/12/2023 (Rexistros de entrada nº 28.517 e 28.735), nos que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 16/12/2023, en horario de 21:00 h. a 24:00 h., e o día 21/12/2023, en horario de 21:00 h. a 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), os días 16 e 21/12/2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”



5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: **Sesión “Vermú”**: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

24.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO TEMPORAL DUN ESPAZO NA CASA DA XUVENTUDE – ONG Asdegal

Visto escrito presentado por Natalia Gil García en representación da **ONG Asdegal**, de data 11/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.446), no que solicita a cesión de uso temporal dun espazo na Casa da Xuventude de Ribeira o día 14/12/2023, de 18:00 h. a 19:30 h., con fin



manter as entrevistas iniciais cos voluntarios anotados para a ONG Asdegal, con futura delegación en Ribeira, e cun proxecto baseado na xestión de voluntarios para facer acompañemento a persoas maiores que viven soas, facilitando xestións administrativas, recados ou compras, á vez que lles fan compañía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a disposición de uso dun espazo temporal da Casa da Xuventude de Ribeira, o día 14/12/2023, de 18:00 h. a 19:30 h., con fin manter as entrevistas iniciais cos voluntarios anotados para a ONG Asdegal, con futura delegación en Ribeira.
- Deberán responsabilizarse da chave das instalacións para poder abrir e pechar unha vez rematada a actividade.

25.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00180/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00180/2023, de data 24/11/2023, remitida polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela (Rexistrado de entrada en data 11/12/2023 co nº 28.434), pola que se estima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento abreviado 000262/2023), presentado por “Promociones Inmobiliarias del Pisuerga, S.A. en liquidación” contra a inactividade, declarando a non conformidade a dereito nos termos do FD 3º.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Rosa María García Resua

VISTO o escrito presentado por **Rosa María García Resua**, en representación do establecemento “Cafetaría Kukua”, de data 13/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.696), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cafetaría Kukua” (Ribeira), o día 30/12/2023, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (**Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións**) a **Rosa María García Resua**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cafetaría Kukua” (Ribeira), o día 30/12/2023, **nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.



Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Cafetería Kukua" (Ribeira) (**Rosa María García Resua**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA DE PRODUCTOS EN VÍA PÚBLICA – David Rouco Carreira

Visto o escrito presentado por **David Rouco Carreira**, de data 07/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.395), no que solicita autorización para a instalación temporal dun posto de venda (3 m. x 3 m.) de produtos alimenticios na zona do Malecón (Zona portuaria onde se instala o mercadillo dos sábados), o día 16/12/2023; co fin de recadar fondos para a viaxe de fin de etapa do alumnado de 4º ESO do CPI Antonio Orza Couto do Forte, Boqueixón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- **Autorizar** a instalación temporal dun posto de venda (3 m. x 3 m.) de produtos alimenticios na **RÚA DE GALICIA** (Ribeira), o día 16/12/2023; co fin de recadar fondos para a viaxe de fin de etapa do alumnado de 4º ESO do CPI Antonio Orza Couto do Forte, Boqueixón.
- **Informar** ao solicitante que para a instalación dun posto de venda de produtos alimenticios na zona do Malecón (Zona portuaria onde se instala o mercadillo dos sábados) debería solicitar autorización a **Portos de Galicia**, xa que é a entidade competente na materia.
- De non ser así, e como alternativa se lle autoriza á instalación posto de venda de produtos alimenticios noutra ubicación, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para buscar o lugar máis axeitado.
- Dar traslado Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

